

ITINERARIO

Concello Pedrafita

- Padornelo

Concello As Nogais

- Casa Chancis
- As Cruces

Concello Triacastela

- Meizarán
- Cruce Chao de Estacas
- Alto de Albela
- O Furco

Concello Láncara

- A Armada
- A Esfarrapa
- Galgos
- Carracedo
- Lama-Corveira

Concello de O Corgo

- Ponte do Lago
- Ponte da Torre
- Marey
- Hospital

Concello de Lugo

- Mazo Santa Comba
- Conturiz
- Tolda de Castela
- Pazo Feiras e Congresos

Ruta en tractor de época polo camiño medieval coñecido como “Camiño Real”, cuios obxectivos se enmarcan dentro dos valores que pretende a Asociación Galega de Amigos da Maquinaria agrícola clásica (AGAMAC), resumidos en “aumentar a autoestima do traballador do rural”, e neste caso concretizados no seguinte:
-Apoiar un proxecto de cooperación entre 6 Concellos da provincia de Lugo, para recuperar esta antiga ruta que os unía e así potenciar os seus importantes valores agronómicos, culturais e turísticos.
A ruta discorrerá polos lugares máis próximos transitables ou polo propio “camiño real” si está transitable, e polas vías que se detallan a continuación.
Partirase da parroquia de Padornelo (Piedrafita) sobre as 10 da mañá, prevendo chegar a Carracedo (Láncara) 3 horas máis tarde para xantar na esplanada da antiga casa do Concello de Láncara. Despois de parar para comer e descansar 2 horas, partirase dirección Lugo para chegar en aproximadamente outras dúas horas e media ao pazo de feiras e Congresos de Lugo, onde se realizará un coloquio sobre a actividade e recepción con autoridades e persoas interesadas no motivo da mesma. Tamén se ten previsto facer algunha parada en lugares destacados onde aproveitar as vistas das paisaxes que se atravesarán.

ANTIGO CAMIÑO REAL

Existe un camiño antigo, coñecido como “Antiga ou Camiño dos romanos” que segundo a tradicción popular data da época romana.
Tratase dun tramo dos chamados Camiños Reais, itinearios que permitián os viaxeiros e comerciantes da época trasladarse por todo o país.

E muy posible que formara parte dun dos trazados orixinais do Camiño de Santiago. De feito ainda que hoxe existen rutas de peregrinación mais transitadas cara a cidade do sepulcro, eran varios os trazados que seguían os peregrinos.

Iste en concreto une o camiño francés co camiño chamado primitivo, e trascurre polos concellos de Pedrafita, As Nogais, Triacastela, Láncara, Corgo e Lugo.

En zonas montañosas coma estas era frecuente que os viaxeiros optarán por itinerarios mais agradables polo estado do tempo, sendo esta unha ruta mais levadeira, cunha pendente moi lixeira, inferior o 5% en moitos casos, algo moi propio das vías romanas.

Trascurre por zonas altas rondando cotas cercanas os 1200 m. Conta cunha lonxitude total de uns 60 kms dende Padornelo en Pedrafita onde se separa do camiño francés ata Lugo capital onde se atopa co camiño primitivo.


LUGO
O CORGO
LÁNCARA
TRIACASTELA
AS NOGAIS
PEDRAFITA DO CEBREIRO
Montaña Lucense
Mazo de Santa Comba
Camiño de Santiago
Alto de San Roque
Termas romanas